


RECOMENDO CHE UN LIBRO

CONSULTA AS NORMAS DE
FUNCIONAMENTO DA CANLE E
MÁNDANOS A TÚA PROPOSTA A :
RECOMENDO CHE UN LIBRO@GMAIL.COM

**GÚSTACHE LER?
QUERES RECOMENDARNOS UN LIBRO?
COMPARTIR AS TÚAS LECTURAS FAVORITAS?
PUBLICAR O TEU BOOKTRAILER?
XA TES ONDE FACELO!**



CONCURSO O OLLO DE VIDRO

INFÓRMATE EN:

www.eoidevigo.org
www.edu.xunta.es/centros/iescastelaovigo
www.bibliotecaneiravilas.vigo.org
www.avcalvario.org

ORGANIZAN:



Escola
Oficial de
Idiomas



Equipo de
Dinamización
Lingüística



I.E.S. Castela
o Calvario - Vigo
Equipo de Dinamización da Lingua Galega



Biblioteca Xosé
Neira Vilas
Concello de Vigo



Asociación de Veciños do Calvario



Deputación
Pontevedra

COLABORAN:

- ▶ SE ES RESIDENTE EN GALICIA PARTICIPA TAMÉN NO CONCURSO “O OLLO DE VIDRO” E GAÑA UN LECTOR DE LIBRO ELECTRÓNICO!
- ▶ SE ADEMAIS ESTUDAS NA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, NO IES CASTELAO OU ES SOCIO DA BIBLIOTECA XOSÉ NEIRA VILAS PODES OPTAR AO PREMIO ESPECIAL DO XURADO.

RECOMÉNDOCHE UN LIBRO

Os Equipos de Dinamización Lingüística da Escola Oficial de Idiomas e do IES Castelao, xunto coa Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas poñen en marcha unha nova iniciativa conxunta de promoción da lectura que busca, ademais, a visibilización e o emprego do galego como vehículo de comunicación.

Trátase do lanzamento da canle de Youtube ***Recomendocheunlibro***, na que o alumnado e as persoas usuarias dos distintos centros, así como o público en xeral, divulgue vídeos recomendando lecturas ou outros traballos audiovisuais ao redor da animación á lectura (booktrailer, lecturas en voz alta, etc.)

Asociado a esta iniciativa, convócase o concurso **“O ollo de vidro”**, co que se premiarán os traballos audiovisuais máis valorados de entre os participantes nese proxecto, e cuxo ditame se dará a coñecer no mes de maio.

Os obxectivos que se perseguen con esta iniciativa son fomentar entre a cidadanía hábitos lectores, utilizando a lectura como fonte de información, aprendizaxe e enriquecemento persoal, ao mesmo tempo que se promove o uso do galego como vehículo de comunicación nas redes sociais.

NORMAS DO FUNCIONAMENTO DA CANLE DE YOUTUBE

Nesta canle de Youtube poderán participar todas aquelas persoas que o desexen enviando un vídeo ao correo electrónico recomendocheunlibro@gmail.com e que cumpran os seguintes requisitos:

- Cumprimentar o "Documento de aceptación das bases" (anexo).
- Entregar o "Documento de aceptación das bases" completo e asinado cunha copia do DNI no correo electrónico recomendocheunlibro@gmail.com No caso de ser alumnado do IES Castelao ou da EOI de Vigo pode entregarse nos propios centros e, no resto de casos, na Biblioteca Xosé Neira Vilas de Vigo.
- Os proxectos poden tratar sobre calquera libro, tema, idioma e/ou soporte sempre que sexa unha copia legal.
- Poden realizarse críticas literarias, booktrailers ou calquera tipo de proxecto audiovisual dirixido á animación lectora.
- Ten que estar feito en galego.
- O tratamento da crítica ten que ser sempre en positivo, non se aceptarán críticas negativas dos libros.
- O vídeo ten que protexer a trama do libro, non pode desvelar nada relevante da historia.
- O tratamento e a linguaxe debe ser respectuoso, non debe ser groseiro e debe ser adecuado a todos os públicos.
- A gravación non pode durar máis de 3 minutos.
- Tanto a imaxe como o son deben ter os niveis adecuados para poderen ser reproducidos.

- O formato debe ser adecuado para poder transmitirse por esta canle.
- Todos os vídeos aparecerán etiquetados cos seguintes datos:
 - Nome do autor/es
 - Se é alumno da EOI, do IES Castelao ou usuario da biblioteca Xosé Neira Vilas
 - Título do libro
 - Autor do libro
 - Edición
 - En caso de que o idioma orixinal do libro non sexa o galego, especificar edición traducida.
- As entidades colaboradoras resérvanse o dereito a non publicar ou a eliminar aqueles vídeos que consideren non axeitados.
- As entidades colaboradoras poden eliminar ou non mostrar aqueles comentarios realizados polos usuarios da canle que non se consideren axeitados.
- As entidades colaboradoras resérvanse o dereito a revisar e modificar estas normas.

As entidades colaboradoras non se fan responsables nin do contido dos vídeos nin dos comentarios realizados polos usuarios na canle.

CONCURSO “O OLLO DE VIDRO”

As entidades colaboradoras no proxecto “Recoméndoches un libro” convocan o concurso “**O ollo de vidro**” para premiar os traballos audiovisuais máis valorados de entre os participantes nese proxecto.

BASES DO CONCURSO “O OLLO DE VIDRO”

1. Participantes

Poden participar neste concurso todos aqueles vídeos presentados na convocatoria de 2016 que foran admitidos pola canle [*Recomendocheunlibro*](#) cuxos autores residan na comunidade autónoma de Galicia.

2. Modalidades

Haberá dúas modalidades:

- A. **Premio do público.** Resultará gañador o vídeo que obteña máis “*gústame*” dende o día da súa publicación ata o día e hora en que se pecha o prazo (23 de maio ás 24:00h de Galicia).
- B. **Premio do xurado.** O xurado constituído a tal fin escollerá un vídeo, o que considere o mellor, de **entre os presentados polo alumnado da EOI, do IES Castelao e os usuarios da Biblioteca Neira Vilas.**

3. Datas*

- O prazo de envío de orixinais ábrese na data en que se publique esta convocatoria.
- O prazo de envío péchase o 10 de maio de 2016 ás 24:00h de Galicia.
- O prazo de votación comeza na data en que se publique esta convocatoria.
- O prazo de votación remata o 23 de maio de 2016 ás 24:00h de Galicia.
- O ditame do concurso farase público o 25 de maio de 2016.

4. Premios

O traballo gañador de cada modalidade terá como premio un lector de libro electrónico. A data e o lugar de recollida dos premios serán anunciados nas páxinas web das tres entidades convocadoras.

5. Resultado e ditame

O resultado da **modalidade A** e mais o ditame da **modalidade B** do concurso faranse públicos o día 25 de maio de 2016 nas páxinas web das tres entidades convocadoras. O ditame será inapelable.

6. Xurado

O xurado estará formado por persoas escollidas polas entidades colaboradoras (Escola Oficial de Idiomas, IES Castela e Biblioteca Xosé Neira Vilas) e a súa composición farase pública xunto co ditame.

7. Imprevistos

A organización do concurso resérvase o dereito de modificar, ampliar, reducir, suspender ou cancelar o concurso sen previo aviso por calquera razón non imputable á organización, especialmente por causa de forza maior. A organización do concurso resérvase o dereito de anular e/ou cancelar a totalidade ou parte do concurso en caso de detectar fraude ou mal funcionamento das normas. Neste caso, resérvase o dereito a non dar un premio a calquera participante fraudulento. Unha acción fraudulenta descualifica inmediatamente á persoa que a cometeu.

O Comité organizador decidirá sobre os casos imprevistos que se poidan presentar e que non se recolleran nestas bases. Para maior información dirixirse a recomendocheunlibro@gmail.com

8. Aceptación das bases

Os participantes neste concurso deberán aceptar estas bases cumprimentando e asinando o “Documento de aceptación de bases”.

* Estas datas poden sufrir modificacións ao criterio da organización do concurso

ANEXO: DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DAS BASES

APELIDOS, NOME: _____

DNI/NIF: _____

ENDEREZO POSTAL: _____

TELÉFONO: _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO: _____

ALUMNO/USUARIO/A DE: *(subliñar se procede)*

Biblioteca Neira Vilas

EOI de Vigo

IES Castelao

Cedo os dereitos de imaxe e son do presente vídeo para a súa difusión no proxecto "Recoméndoches un libro", a través da súa publicación na canle de Youtube, nas páxinas web e nas redes sociais das entidades colaboradoras do proxecto, así como por calquera outro medio dos que dispoñan, coa finalidade de difundir e promover as actividades de dinamización que organizan as ditas entidades. Estas entidades garanten que a dita gravación non se difundirá para outros fins ou noutras canles que os anteriormente citados e nunca de forma comercial.

(Marcar o recadro, se procede)

<input type="checkbox"/>	Solicito participar no concurso "O OLLO de VIDRO" e acepto explicitamente na súa totalidade as bases establecidas polas entidades convocadoras.
--------------------------	---

(Data e sinatura)

AUTORIZACIÓN (NO CASO DE SER MENOR DE IDADE):

Como nai/pai/titor da persoa solicitante, autorízo a inscribirse e asumo calquera responsabilidade que poida contraer.

APELIDOS, NOME: _____

DNI/NIF: _____

ENDEREZO POSTAL: _____

TELÉFONO: _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO: _____

(Data e sinatura)